

**NOTAS SOBRE A ESCOLA E AS MINORIAS ETNICAS MARXINAIS:  
OS XITANOS**

**Clara Blanco García  
Xose A. Corredoira Teijeiro**

**R**ecientemente apareceu publicado un estudio sobre a problemática xitana en Galicia, realizado polo Grupo AMAT de Socioloxía (1), no que tras analizar a situación desta minoría fanse unha serie de propostas de solución, propostas que no referente o ámbito educativo limítanse á seguinte afirmación:

“Al plantearnos los medios e instrumentos de intervención, el criterio predominante era seleccionar aquel o aquellos aspectos de la política social, cuya mejora proporcionara una mayor y más rápida promoción a los destinatarios, sacándoles o amortiguándoles la crudeza de su situación actual de vida.

Los aspectos propios y básicos del bienestar social sobre los que gravita el desarrollo son: la nutrición, la salud, la educación y la vivienda. *Desechada la educación por ser éste un aspecto en vías de solución...*” (2).

O feito de que un equipo profesional realice un estudio exhaustivo sobre a comunidade xitana no que se verten afirmacións como a indicada é canto menos significativo do descoñecemento das condicións de escolarización dos nenos xitanos.

O obxecto destas páxinas non é outro que mostrar as experiencias recollidas nun centro escolar de Santiago, e que forman parte dun estudio antropológico mais amplo sobre a comunidade xitana asentada no barrio.

Tras a lectura do referido estudio cabería esperar atoparnos cunha escola na que as relacións interétnicas non fosen traumáticas e permitisen "el derecho a la diferencia del pueblo gitano y posibilítase su integración a la sociedad paya" (3), obxectivos que por outra banda se citan dentro da proposta de solucións do estudio.

Pensamos que para este tipo de estudos a metodoloxía máis apropiada é o establecemento dun contacto directo coa poboación estudiada, contacto que permite ter en conta unha serie de variables imposibles de obter por medio de cuestionarios ou entrevistas ó colectivo obxecto de estudio ou as persoas con ela relacionada, métodos estos que non son rexeitables en si mesmos, senón que é necesario complementalos cunha "observación participante" a fin de obter non só datos cuantitativos senón cualitativos, que nos permitan vislumbrar realmente os intereses do colectivo xitano e a partir deles clarificar a súa situación, requisito imprescindible para abrir novas vías de solución.

E frecuente a confusión terminolóxica entre educación e grado de escolarización, o que leva a posicións que só plantexan a necesidade de ofrecer os nenos xitanos unha escola, sen ter en conta os contidos que ésta ofrece nen os efectos que pode xenerar sobre eles. Os datos recollidos demostran de feito unha escolarización real dos nenos do barrio, agora ben, non deixan de ser números e nen podemos falar de escolarización, nen da existencia dunha motivación real para ésta e moitísimo menos da solución o problema educativo da comunidade xitana.

¿Que motiva a unha familia xitana a mandar ós seus fillos a escola?  
¿Que lle ofrece a escola paia a un neno xitano?.

As respostas a éstos interrogantes atoparíamolas en relación a dous aspectos diferentes. En primeiro lugar este nivel importante de escolarización responde a súa imposición por parte do axuntamento, que condiciona o disfrute dunha vivenda ou a prestación de servicios mínimos (sanidade, ...) a que os nenos xitanos asistan diariamente a centros de atención (casas cuna, guarderías, escolas,...). O segundo aspecto estaría en relación co feito de que non nos atopamos ante unha comunidade homoxénea, senón que existe unha gran diversidade de criterios en relación íntima cos niveis de aculturación e integración na sociedade paia, así, mentres os máis aculturados ven na escola un elemento integrador para os seus fillos, outros ven nela o instrumento para conquistar un nivel de instrucción mínimo que lles permita a relación co mundo paio (saber ler e escribir para sacar o carnet de conducir, obter documentos oficiais,...), e por último, o grupo mais tradicional sería o que acude a escola por mera imposición (4).

Estos criterios expostos están íntimamente relacionados co tipo de

actividade productiva realizada pola familia e que condiciona non só as motivacións de cara a escola senón tamén o tipo de vivenda, a nutrición, a asistencia sanitaria, ..., xeneralizando vemos dous grupos ben diferenciados, por unha banda o constituído por aqueles adicados a venta ambulante, e por outro aquelas adicacións máis tradicionais que non implican unha "estabilidade económica" (recollida de chatarra, basura, venta ambulante esporádica, mendicidade,...). A estabilidade na ocupación permite o acceso a vivendas en pisos (neste caso de protección oficial facilitadas polo axuntamento), e unha maior relación cos hábitos culturais paíes, no caso contrario a inestabilidade transmítese o resto do comportamento da familia xitana (inestabilidade na alimentación, na vivenda, absentismo escolar,...).

Esta realidade social, como non, ten o seu reflexo na escola. Un primeiro contacto permítnos comprobar a existencia dun distanciamento tanto por parte dos mestres como dos compañeiros con respecto os nenos xitanos, distanciamento que se ben a primeira vista non ofrece unha visión conflictiva, se está latente e xenera unhas conductas e comportamentos escolares específicos. Enlazando co exposto sobre o tipo de ocupación familiar, podemos sinalar que a conflictividade maior, como era de esperar, prodúcese nos fillos daquelas familias con ocupacións máis inestables, con vivendas en chabolas, con graves problemas familiares (nun número importante de familias o pai está na cárcel), etc., é nestos nenos onde se produce un maior índice de absentismo escolar, unha menor suxección a horarios, un desfase na idade académica, certa agresividade, en definitiva un maior rechazo a escola; esta conflictividade aparece mitigada no primeiro grupo, aínda que os rendimentos académicos manteñesen baixos.

	CURSO	PAIOS %	XITANOS %
PREESCOLAR	1º presc.	97,8	2,2
	2º "	97,25	2,75
1º CICLO	1º e.x.b.	96,56	3,44
	2º "	98,5	1,5
2º CICLO	3º "	98,3	1,7
	4º "	98	2
	5º "	97,4	2,6
CICLO SUPERIOR	6º "	100	0
	7º "	99,17	0,83
	8º "	100	0
	Educ.especial	96,6	3,4

#### PROPORCIONALIDADE PAÍOS-XITANOS

Pódense extraer conclusións significativas sobre o nivel de deserción escolar.

Os datos recollidos amosan un nivel importante de absentismo escolar desde os primeiros niveis de escolarización, absentismo que se fai cada vez máis evidente de xeito progresivo culminando no abandono da escola, deserción que se produce desde o momento en que o neno xitano pasa a xogar un papel importante como elemento productivo dentro da familia, namentras que a escola non ofrece ningunha perspectiva de rentabilidade nen económica nen social.

Para afondar nas causas deste feito remitímonos as manifestacións e o comportamento dos nenos e as familias xitanas, e mailas observacións feitas polos mestres, podendoas agrupar en torno a dous aspectos fundamentais:

1. Entorno familiar.
2. Estructura da escola.

### **Entorno familiar**

O neno edúcase nun medio no que a familia é a peza fundamental que riixe e determina os comportamentos e actitudes dos seus membros, o que define a un xitano é a súa filiación, e será ésta a que marque o rol que o neno xitano desempeña, así a única suxección que coñece é a que lle imprime a forte xerarquización existente no seno do clan familiar, xerarquización que está baseada en torno a grupos de edades e que obriga a un forte respecto polos maiores e polos antepasados mortos.

O feito de que a familia sexa non só unha unidade reproductiva e de consumo senón tamén de produción, implica a incorporación do neno a esta actividade no momento que a familia o requira, o cal implica que a súa educación familiar prime unha intelixencia que resposte a motivacións de carácter inmediato e aplicable, inmediatez que ven dada pola necesidade de supervivencia, por "el hacerse la vida" a diario. Así o neno xitano esta inmerso nun medio no que se potencia a autonomía, o saberse impoñer e resolver situacións prácticas por si mesmo. Pola contra a nena incorpórase moi cedo o traballo dentro da casa, sendo encargada do cuidado dos irmáns pequenos e de outro tipo de tarefas domésticas, ademais da concepción xitana da sexualidade da muller que obriga a unha reclusión e illamento desta ata que celebre o seu matrimonio.

### **Estructura da escola**

O primeiro choque que se produce cando o neno chega a escola é que se atopa fronte a uns códigos e unha linguaxe que corresponde a unhas pautas culturais que non son as súas.

A escola ofrece uns contidos abstractos nos seus programas e na súa linguaxe, uns hábitos de conducta, unhas actitudes e uns valores que son radicalmente distintos os que el posee, e dicir, unha linguaxe intuitiva, emocional, alonxada da abstracción e racionalidade que supón a actividade e a aprendizaxe da escola, por se esto fose pouco a súa capacidade de comprensión e expresión vese limitada ó realiza-la aprendizaxe nunha linguaxe que non é a súa.

A complexidade que xenera o asumir a existencia dunha realidade diferente á do propio medio xitano vese agravada pola inexistencia dun profesorado que coñeza as características culturais da étnia xitana e que saiba esquentar os seus esquemas culturais paíus para poder ofrecer unha axuda ó neno. A tiduo ilustrativo parécenos interesante expoñer algunha das opinións expresadas polos mestres en relación ós nenos xitanos:

- “Ten as características típicas da raza”.
- “Reafirma a súa raza”.
- “... é unha raza moi sufrida”.
- “... é da cultura das castañuelas”.
- “Atrasado, vago”.
- “Rendimiento escolar baixísimo”/“Intelixente”.
- “Agresividade”/“Moi afectiva”.
- “Independente, inqueda”/“Amor a liberdade”.

A miúdo fálase de “el derecho a las diferencias”, “el respeto a las características étnicas”, “el respeto a las minorías dentro de las mayorías”, tratando de face-las compatibles con expresións como “integración”, “promoción social integrada”, etc., agora ben, istos obxectivos endexamais serán alcanzados partindo de concepcións da escola nas que se pretende unha “igualitaria” instrución desligada das realidades sociais do seu entorno. Polo cal o mínimo requisito para que o “respeto a las diferencias” fose canto menos tido en conta, sería necesario partir dunha preparación específica do profesorado que evite respostas como as seguintes referentes a nenos xitanos:

- “Non os teño gracias a Deus”.
- “Prefiro non te-los, pois non sei como trata-los”.
- “Son da cultura das castañuelas”.

Este recoñecemento implícito ou explícito da súa incapacidade é de por si significativo.

Pensamos que o camiño para emprender solucións pasa polo estudio e o coñecemento das peculiaridades culturais, e de cales son os intereses comúns a partir dos cales escomenzar un posible traballo en común.

O modelo de escola que mostramos ten unhas estruturas que ningunha maneira permiten o respeto nen a unha étnia nen a un individuo, do mesmo xeito que a escola non elimina entre os paíus a marxinação daqueles que entran xa marxinados senón que a acentua, no caso das minorías étnicas o problema agrávase e o que realmente se chama integración non é máis que o paso dunha situación de minoría étnica marxinada a unha perda de identidade, que quizais agrave máis a permanencia da súa marxinalidade, desde o momento que ésta era mitigada pola cohesión e identidade dentro do propio grupo.

A marxinação na educación non é posible desliga-la da marxinação social, e do mesmo xeito que ésta pasa por unha loita contra da riqueza, e non contra a pobreza (caridade, axudas sociais, etc.), a loita contra unha educación marxinatora pasa pola transformación profunda do sistema educativo.

## NOTAS

(1) Grupo Amat de Sociología, *Los gitanos en estado de extrema necesidad en Galicia*. Public. del Secretariado General Gitano. Cuadernos Técnicos n. 1, 1984.

(2) Op. cit., pp. 83-84. O suliñado é noso.

(3) Op. cit., p. 79.

(4) Esta distribución non pretende de ningunha maneira establecer categorías senón establecer un modelo puramente operativo.

## BIBLIOGRAFIA

Para aquelas persoas que no seu traballo estean en contacto con poboacións xitanas, é necesario o coñecemento da súa cultura, para o que a obra mais completa e asequible é a de Teresa San Román, *Vecinos gitanos*, Akal, Madrid, 1976. Da mesma autora, e mais en concreto sobre aspectos relacionados coa escola, pódese consultar a obra *Gitanos de Madrid y Barcelona. Ensayos sobre aculturación y etnicidad*, Universidad Autónoma de Barcelona, Bellaterra, 1984, e *Escuelas, pueblos y barrios*, Akal, Madrid, 1980. O Departamento de Etica y Sociología de la Universidad de Murcia, *Los gitanos en Murcia*, Murcia, 1980, ofrece consideracións interesantes no seu capítulo referente a aspectos educativos.

Sobre a comunidade xitana en Galicia pódese consultar o traballo do Grupo Amat de Sociología, *Los gitanos en estado de extrema necesidad en Galicia*, Secretariado General Gitano, Madrid, 1984.

O papel que a Antropoloxía pode xogar na educación como desmitificadora do etnocentrismo cultural é o de negar a posibilidade de facer xuízos de valor sobre unha cultura desde outra, para clarear istos conceptos é útil a obra Frijolé e outros, *Antropología, hoy*, Teide, Barcelona, 1983, en concreto o capítulo de Pau Comes, "Antropología y educación".